



I TORNEO PÁDEL CONCELLO DE MESÍA

NORMATIVA

PARTIDOS – CLASIFICACIONES:

O sistema de competición é por eliminación directa.

Os partidos xogaranse ao gañador de dous sets de 6 xogos cada un. En caso de empate a 6 xogos, xogárase o tie break a 7 puntos, cunha diferenza sempre de dous puntos.

O tempo de quecemento será como máximo de DEZ MINUTOS. A espera de máis de DEZ MINUTOS desde a hora do partido significará a perda por un dobre 6 a 0.

Ao finalizar o partido, as parellas participantes terán que anotar o resultado na TABERNA DE CABRUI; este requisito é indispensable para que se reflecta na táboa de resultados e clasificación. Notificando tamén o resultado deste por teléfono ou correo electrónico.

APRAZAMENTOS E SUSPENSIONES:

Os partidos suspendidos serán obrigatoriamente xogados na semana seguinte ao partido, en caso de semifinales hai dúas semanas de marxe; e **se non hai acordo para xogalo no citado prazo, será OBRIGATORIO comunicar á Organización do Torneo esta incidencia para resolver a situación.**

Como última medida para a disputa do partido, a organización do Torneo porá día e hora obrigatoria para xogar o partido. A parella que non se presente, perderá o partido.

REGRAS BÁSICAS DE XOGO:

As regras básicas de xogo serán as aprobadas pola Federación Española de Pádel. De forma resumida citámosvos as máis importantes.

É de carácter obrigatorio para os xogadores e pola seguridade de todos, que as palas estean suxeitas á boneca pola correa ou o cordón.

En canto ao servizo, iniciarase de dereita a esquerda e así alternativamente ata a finalización do xogo. Sacarase detrás da liña de fondo e entre a liña central e a parede ao lado do saque, cos pés detrás da liña de fondo e sen saltar cos pés. A pelota non deberá de pasar en altura da cintura do xogador que saca e a pelota deberá de botar no cadro dianteiro ao lado oposto e restando o



xogador contrario despois do primeiro bote. Só no saque, a pelota non poderá golpear na rede metálica xa que se considerará falta.

Cando se finaliza un set, os xogadores/as deberán de cambiar de lado de cancha. Se se disputase un terceiro set, cambiarase de campo cada dous xogos ata a finalización do partido, ou ben, xogalo no mesmo campo todo o set, por estas prioridades.

No tie break, empezará sacando ao que lle correspondese facelo no xogo, e farao ao lado dereito e unha soa vez. O seguinte en sacar será o contrario desde o lado esquerdo e dúas veces seguidas (esquerda e dereita).

A pelota que golpee directamente no valo metálico será mala, e se golpea no ángulo considerarase boa. Se a pelota logo de botar no chan sae por encima do valo metálico considerarase como boa.

Como regra xeral, cando unha bóla sexa dubidosa por se entrou no terreo de xogo ou non, repetirase o tanto desde o seu inicio. É indispensable a elegancia e educación entre os xogadores para evitar situacións delicadas como discusións por unha pelota, polo que se pide unha correcta actitude deportiva entre os xogadores.

COMUNICACIÓNS:

Na páxina www.concellodemesia.es poderase consultar o calendario, con datas e horarios dos partidos, así como os resultados e fotos.

Para calquera información podedes chamar ao teléfono da Casa da Cultura (981 687 214). Mail: casadacultura@concellodemesia.es

Poden utilizar estas formas de comunicación coa organización tamén para achegar ideas para mellorar este Torneo.

Esperamos que disfruten!

CONCELLERÍA DE DEPORTES 2011

CONCELLO DE MESÍA